
Anuncio

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de marzo de 2008, aprobou as BASES

REGULADORAS DAS AXUDAS RELATIVAS Á ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO SAGRADO CORAZÓN ASÍ COMO OS SEUS ANEXOS, e que continuación se transcriben de xeito literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Excmo. Concello de Lugo asinou o 8 de novembro de 2007 co Ministerio de Vivenda e coa Consellería de Vivenda e Solo o “Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 8 de novembro de 2007, relativa á Área de Rehabilitación Integral do Sagrado Corazón en Lugo, Programa 2007, na Comunidade Autónoma Galega. Plan de Vivenda 2005-2008”, co fin, entre outros, de acometer actuacións na rehabilitación dos edificios e vivendas do ámbito considerado, afectando a 250 vivendas, executándose obras de recuperación de elementos comúns dos edificios, así como outras de adecuación de habitabilidade das vivendas, avaliándose o custo total destas actuacións en 2.812.500.- euros.

Para o seu desenvolvemento faise necesario arbitrar o oportuno procedemento a través das presentes bases, co fin de acadar unha intervención en prol da rexeneración e rehabilitación do barrio do Sagrado Corazón, tendo como obxectivo todo o amplo concepto que transmite a palabra rexeneración, como a recuperación do contorno físico que permita ós actuais usuarios e veciños ver o seu contorno “recuperado”, sen que o excesivo custo desta recuperación supoña a expulsión dos veciños destes espazos.

Na súa consecuencia, propónse un documento áxil e sinxelo, que teña como fondo a actuación coordinada entre as distintas administracións públicas que interveñen no programa, sentando as bases para a súa intervención no proceso rehabilitador.

A metodoloxía de traballo busca unha distribución social das axudas, poñendo especial atención nos elementos comúns das edificacións e na eliminación de barreiras arquitectónicas, así como na mellora das condicións das vivendas.

Por todo iso, e no ánimo de desenvolver e executar o convenio suscrito entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo, e máis concretamente o Acordo da Comisión bilateral, anteriormente referido, asinado o 8 de novembro de 2007, para o financiamento das obras de rehabilitación dos edificios, vivendas e urbanización, e demais aspectos específicos da Área de Rehabilitación Integral do Barrio do Sagrado Corazón en Lugo 1ª Fase, no marco do R.D 801/2005, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivenda polo que se “aproba o Plan Estatal 2005-2008 para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda”, e o Decreto 18/2006 do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, sobre medidas de financiamento de actuacións protexidas en materia de vivenda e solo a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e regulase a xestión das previstas no devandito R.D. 801/2005 para o período 2005-2008.

Por todo o exposto, establécense as presentes bases para a concesión de axudas en orde á rehabilitación de vivendas do barrio do Sagrado Corazón en Lugo en función da competencia deste Concello en materia de Patrimonio Histórico-Artístico e para a promoción e

xestión de vivendas, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 1: Obxecto.

É obxecto das presentes bases a concesión de subvencións a propietarios e/ou inquilinos de vivendas e/ou edificios do barrio do Sagrado Corazón en Lugo, para rehabilitación destes, en execución do “Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 8 de novembro de 2008, relativa á Área de Rehabilitación Integral do Sagrado Corazón en Lugo, Programa 2007, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan de vivenda 2005-2008”, suscrito entre o Ministerio da Vivenda, a Consellería da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo, aprobado por Decreto da Alcaldía 68/2007 ditado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, Infraestruturas e Zona Rural, o 30 de abril de 2007, do Libro de resolucións en materia de contratación-fomento co fin, entre outros, de acometer actuacións na rehabilitación dos edificios e vivendas do ámbito considerado, afectando a 250 actuacións.

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións publicada no BOP do 18 de maio de 2005, as bases de execución do presuposto municipal e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2: Tipos de actuación e gastos subvencionables.

As vivendas rehabilitadas obxecto dos distintos tipos de actuacións subvencionadas a través das presentes bases destinaranse a residencia habitual e permanente do propietario ou ó aluguer.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actuación de rehabilitación subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Será motivo de denegación da actuación o feito de que as obras de rehabilitación solicitadas estiveran realizadas con anterioridade á resolución provisional da concesión da actuación na área de rehabilitación integral do barrio do Sagrado Corazón ós efectos de subvención.

As devanditas actuacións de rehabilitación estarán incluídas nos seguintes tipos:

A. A rehabilitación de edificios:

As actuacións de rehabilitación axustaranse a carta de cores incorporada na memoria-programa realizada polo arquitecto don Santiago Fernández Manzanedo, e non financiarán en ningún caso as intervencións que supoñan o baleirado das edificacións obxecto de rehabilitación.

Serán subvencionables as actuacións nos elementos comúns das edificacións tales como: Adecuación do acceso para as persoas con discapacidade, adecuación

ás condicións de protección fronte a incendios, adecuación ás condicións de ornato e salubridade, estanquidade fronte á chuvia, seguranza estrutural, adecuación de evacuación de auga de chuvia e saneamento, e adecuación dos sistemas de aforro enerxético.

B. Rehabilitación de vivendas.

Serán subvencionables as seguintes actuacións: Accesibilidade de persoas con discapacidade; existencia e correcto funcionamento de servizos sanitarios e cociñas; existencia e correcto funcionamento de instalacións eléctricas; existencia e correcto funcionamento de instalacións de saneamento e fontanaría; existencia e correcto funcionamento de sistema de calefacción; existencia e correcto funcionamento de extracción de fumes e ventilación; illamento térmico; illamento acústico, adecuación distribución de espazos interiores; iluminados e ventilados, e sistemas de aforro enerxético.

Artigo 3: Ámbito das actuacións. Criterios de concesión das subvencións.

As actuacións de rehabilitación estenderanse, exclusivamente, á área de rehabilitación integral do barrio do Sagrado Corazón en Lugo, declarada o 19 de xuño de 2007.

A orde de presentación das solicitudes de subvencións acompañadas da correspondente documentación no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA), sito na Rúa Quiroga Ballesteros, s/n baixo, valorarase como criterio para a concesión das axudas, ata esgotar ó crédito orzamentario destinado para elas.

Artigo 4: Tipos de axudas económicas.

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas no artigo 2º das presentes bases e financiarán parcialmente as actuacións de rehabilitación nas proporcións e cantidades que se reflectan no capítulo segundo das presentes bases.

As subvencións concederanse no marco do acordo asinado entre o Concello de Lugo, a Consellería da Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivienda o día 8 de novembro de 2007, que estima un investimento de 2.812.500 euros, correspondente ás achegas dos referidos Ministerio, Consellería e dos promotores particulares, para a realización de 250 actuacións cualificadas.

As devanditas actuacións serán informadas polos Técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

En canto ás achegas dos particulares, o Concello de Lugo comprométese a xestionar as axudas mediante convenios con entidades financeiras coa finalidade de facilitar que as devanditas achegas se financien con xuros subvencionados.

Artigo 5: Contía das axudas económicas.

As subvencións serán as seguintes:

- Unha subvención por un importe máximo do 80 por 100 do orzamento protexido das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, cunha contía máxima por viven-

da subvencionada de 9.000 euros.

Artigo 6: Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas subvencións para a rehabilitación da vivenda, sen prexuízo de reunir os requisitos establecidos neste e no seguinte artigo, os seus usuarios legais, como propietarios e arrendatarios, tanto se a vivenda constitúe o seu domicilio habitual e permanente, como se a vivenda vai ser dedicada ó aluguer. Así mesmo poderán ser beneficiarios das subvencións para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios e/ou arrendatarios das vivendas, na parte proporcional que lles corresponda.

Así mesmo, poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas cando unha vez rematada a actuación de rehabilitación se destine a vivenda, e se comprometan a ocupalas, a arrendalas ou calquera outro xeito legalmente admisible, como residencia habitual ou permanente.

O número de actuacións cualificadas subvencionables é de 250, podéndose ampliar de haber consignación presupostaría para iso e, serán efectivas nas vivendas e/ou edificios sitos nas zonas delimitadas do barrio do Sagrado Corazón, segundo o establecido nos artigos 1 e 3 das presentes bases.

Os beneficiarios das subvencións haberán de cumprir as seguintes condicións:

1.- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.- Estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Lugo, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Administración do Estado.

3.- Ter debidamente xustificadas os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo, ou xustificación razoada do motivo do incumprimento da obriga de xustificar.

Artigo 7: Condicións xerais que deben cumprir os promotores.

Os promotores deberán de cumprir algunha das condicións seguintes:

1. Dedicar a vivenda ou edificio obxecto da actuación á súa residencia habitual e permanente, durante un prazo mínimo de cinco anos desde a finalización das obras.

2. Dedicar a vivenda ou edificio obxecto da actuación ao aluguer, durante un prazo mínimo de cinco anos desde a finalización das obras.

Artigo 8: Requisitos xerais.

Para os efectos de obter as axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1.- As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras, e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez rematadas as actuacións.

2.- As obras que se dirixan cara á actuación sobre os

elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva có estado de conservación do edificio e das instalacións.

3.- Non poderán subvencionarse actuacións sobre os elementos privativos das vivendas, as obras das cales non consigan obter as debidas condicións de adecuación de habitabilidade destas, salvo caso debidamente xustificado.

4.- As obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira utilización.

Artigo 9: Publicidade.

En base ó disposto no anteriormente dito acordo bilateral asinado o día 8 de novembro de 2007, relativo ás actuacións na Área de Rehabilitación Integral do Barrio do Sagrado Corazón en Lugo, Programa 2007, todas as obras subvencionadas deberán de incluír de forma visible a imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Vivenda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello de Lugo, para o que será necesario a colocación de carteis exteriores, de acordo co Manual de Identidade Corporativa, que deberán de ser sufragados polos beneficiarios das axudas.

Artigo 10: Crédito orzamentario e contía das axudas.

O presuposto municipal establece a contía máxima para a concesión das subvencións que se regulan polas presentes bases, en 2.250.000 euros con cargo á partida 4320.789.09 do vixente presuposto xeral, código de proxecto 07XX0132, sendo 1.125.000 euros a achega da Xunta de Galicia, e 1.125.000 a achega do Ministerio da Vivenda.

Estas axudas económicas previstas están suxeitas á normativa procedemental correspondente e vixente durante o proceso de rehabilitación ou as que poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios ou addendas a eles que se aproben.

Artigo 11: Compatibilidade das axudas.

En caso de existir varias axudas, o importe total destas non excederá do 80% do presuposto protexible.

Para efectos de acceder ás axudas financeiras establecidas nestas bases, será necesarios, que os solicitantes non obtivesen previamente axudas financeiras para rehabilitación illada de edificios ou vivendas, polo mesmo concepto, ó abeiro de plans estatais de vivenda, durante os dez anos anteriores á solicitude actual. Entenderase o cómputo do prazo dende a data na que se presentou a solicitude de axudas.

Artigo 12: Perda da axuda económica.

Son causas de perda da axuda económica establecidas as seguintes:

- 1.- A non adaptación das obras á normativa.
- 2.- A incorrecta execución das obras aprobadas.
- 3.- A non execución das obras previstas.
- 4.- A execución de obras non aprobadas previamente polo Concello de Lugo.

5.- O incumprimento dos prazos establecidos para a execución das obras.

6.- Non destinar a planta para a que se solicitan axudas ó uso principal da vivenda.

7.- A non colocación de forma visible do cartel exterior segundo o Manual de Identidade Corporativa que se establece no artigo 9, durante a execución da obra.

Artigo 13: Solicitudes e documentación.

1.- As solicitudes para calquera das axudas presentaranse en instancia normalizada (ANEXO 1), xunto coa seguinte documentación en orixinal e/ou copia compulsada, por duplicado exemplar:

1.1) DNI/NIF do/a solicitante e/ou propietarios/as, se é o caso.

1.2) Memoria adaptada á seguinte estrutura:

a) Descrición do tipo de actuación que se vai levar a cabo

b) Superficie útil da vivenda.

c) Presuposto de execución detallado por unidades de obra con medición e prezo (asinado polo contratista, promotor e polo técnico competente, de ser o caso).

d) Prazo máximo de execución das obras.

e) Fotografías a cor da fachada do edificio e das zonas que se van rehabilitar.

f) No caso de actuacións en elementos comúns do inmovible, cotas de participación de cada unha das vivendas sobre estes.

1.3) Se é o caso, proxecto de execución das obras asinado polo técnico competente.

1.4) Documento acreditativo da titularidade das vivendas por parte do/da(s) solicitante(s) ou contrato de arrendamento e autorización do/a propietario/a do inmovible para realizar as obras, no caso de que o solicite o/a arrendatario/a.

1.5) Licenza municipal de obras.

1.6) Declaración xurada de que dedicará a vivenda a residencia habitual e permanente ou alugamento durante un prazo mínimo de 5 anos desde a finalización das obras (ANEXO III).

1.7) No caso de remodelación de edificios, declaración xurada de que o destino destes será para vivenda. (ANEXO III)

1.8) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras para o financiamento da mesma actuación ou proxecto para o que se solicita subvención (ANEXO II).

1.9) Declaración responsable de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social. En todo caso, antes da proposta de resolución deberá achegar as correspondentes certificacións expedidas pola Delegación da Axencia Tributaria, de

Facenda da Xunta de Galicia, da Tesourería municipal e da Tesourería Territorial da Seguridade Social (ANEXO II).

1.10) Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)

1.11) No caso de existir máis dun propietario/a, automatización deles a un dos propietarios para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

1.12) Outros documentos que, se é o caso, resulten necesarios como complemento da documentación anterior.

Artigo 14. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1) As solicitudes dos interesados, xunto coa documentación requirida, presentárase no Rexistro da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA), sito na Rúa Quiroga Ballesteros, s/n baixo, sendo de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2) Se a devandita documentación xa estivera en poder do Concello, haberá de facelo constar, con indicación da data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, sempre que non transcorreran máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ó que correspondan.

3) O prazo para presentar solicitudes abrírase o día seguinte ó da publicación do anuncio de aprobación destas bases e da correspondente convocatoria no Boletín Oficial de Provincia.

Artigo 15. Procedemento.

O procedemento para a concesión de subvencións previstas nas presentes bases axustárase ó establecido nos artigos 28, 29 e 30 da ordenanza municipal reguladora de subvencións do Excmo. Concello de Lugo, coas seguintes precisións:

1) A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), encargada da tramitación dos expedientes, comprobará que estes reúnen todos os requisitos recollidos nas presentes bases. De non ser así, requiriráselle ó interesado que, nun prazo de dez días, corrixa a falla ou achegue os documentos preceptivos, indicándolle que, se non se fixese así, de acordo co artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, terase por desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 42 da mesma Lei.

2) Revisados os expedientes e completados, se é o caso, formularase a proposta de resolución provisional, para o cal os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA) haberán de emitir o informe correspondente.

3) O órgano instrutor será o técnico/a competente da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA) que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

4) A comisión de valoración, constituída para o efecto terá a seguinte composición: Presidente.- O Concelleiro de Urbanismo e un/unha técnico/a da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA).

Artigo 16. Aprobación provisional das axudas.

1) De conformidade co establecido na base 18ª de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é o Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo, Infraestruturas e Zona Rural.

2) O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó do remate para a presentación de solicitudes no Concello. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

3) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4) EVISLUSA remitiralle á Consellería da Vivenda e Solo os certificados e os expedientes das resolucións favorables que se diten, para que este emita a correspondente cualificación provisional e o que considere oportuno.

5) A publicación da notificación da resolución ós beneficiarios das subvencións efectuarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo que substituirá, de ser o caso, o trámite da notificación de acordo cos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6) O beneficiario da subvención presentará ante a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA) o manifesto de aceptación desta e de compromiso de execución das obras conforme o presuposto de execución material que foi obxecto da cualificación provisional, así como o compromiso de sufragar e colocar o cartel exterior, coa imaxe corporativa do plan de vivenda, do Ministerio de Vivienda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras. (ANEXO IV).

Artigo 17. Xustificación do gasto e pagamento.

1) Finalizadas as obras, os beneficiarios deberán comunicarlle á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de

Lugo, S.A. (EVISLUSA), o remate destas, mediante a presentación de modelo normalizado (ANEXO V e VI) acompañado da documentación final de obra que consta nel:

- Declaración do conxunto de axudas solicitadas e recibidas.
- Certificación bancaria do número de conta ó seu nome.
- Certificados de estar ó corrente das obrigas fiscais co Concello de Lugo, de non ter débedas coa Seguridade Social e de estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do Estado.
- Facturas polo importe das obras, que deberán de coincidir co detallado por unidade de obra (con medición e prezo) do presuposto protexible.
- Licenza de obras, que deberá de axustarse ás actuacións executadas, así como as que foron obxecto da cualificación provisional.
- Certificado final de obra asinado por técnico competente, no caso de execución de obras maiores.
- Licenza de primeira utilización, nas obras nas que sexa necesaria a presentación do certificado final de obra.
- Fotografías en cor (por duplicado) da fachada do edificio, coa inclusión do cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Vivenda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello e das zonas que se rehabilitaron.

2) Os técnicos da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA), á vista da documentación, emitirán un informe no que se terá en conta:

- A prelación establecida no artigo 4.
- Que as obras consigan un grao suficiente de habitabilidade.
- Respecto á integración global da actuación coas características do contorno onde se atopan.

3) O devandito informe, de ser favorable respecto da correcta execución das obras, e tras a comprobación das correspondentes facturas polo importe total delas, segundo o presuposto protexible, dará lugar á certificación de obra executada, asinada polo técnico competente na materia.

No suposto de informe desfavorable, procederase á apertura dun trámite de audiencia a favor do interesado por un prazo non inferior a dez días nin superior a quince, segundo artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a fin de que este compareza no expediente e alegue canto no seu dereito proceda. Transcorrido o dito prazo procederase á resolución definitiva que corresponda tras o informe do técnico competente na materia.

4) EVISLUSA trasladaralle á Consellería de Vivenda e Solo a certificación da resolución que aproba a "certi-

ficación de obra executada", para os efectos de que esta proceda, de ser o caso, a conceder a cualificación definitiva, así como o ingreso, en conta bancaria municipal, do importe da subvención comprometida, ou a que resulte finalmente segundo o procedemento tramitado.

5) Os documentos presentados haberán de ser validados e selados pola empresa municipal xestora do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención en concreto. Os documentos serán orixinais e, se se presentan fotocopias, deberán de ser compulsadas pola empresa xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

6) Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

Artigo 18.- Aprobación definitiva das axudas.

1) Unha vez acadada a correspondente cualificación definitiva e acreditado o cumprimento das condicións indicadas na aprobación provisional, formularase a proposta definitiva de resolución. O expediente remitiráselle á Intervención Xeral do Concello de Lugo para os efectos de que se proceda á súa fiscalización previa á adopción da resolución polo órgano competente.

2) Seguidamente, procederase ó pagamento da axuda concedida, tras a presentación por parte do beneficiario dunha declaración complementaria da relación de subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas, así como por algunha das súas entidades, nacionais ou estranxeiras para o mesmo fin ou, se é o caso, a declaración de que non obtivo outras subvencións para a mesma finalidade, todo isto en cumprimento da base 18ª de execución do Presuposto Xeral do Concello de Lugo.

Artigo 19. Obrigas dos beneficiarios.

Serán obrigas dos beneficiarios das axudas as citadas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións.

Artigo 20. Revogación.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora dende o momento do pagamento da subvención nos seguintes casos:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das condicións esixidas.
- Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso.
- Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.

Disposicións adicionais.

Primeira.- A concesión de axudas reguladas nestas bases terá como límite global o crédito asinado no presuposto para estes fins. En todo caso, as actuacións haberán de resolverse nos exercicios económicos do 2007 ó 2010.

Segunda.- Os beneficiarios quedan obrigados a someterse ás actuacións de comprobación que poida acordar a Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), o Concello de Lugo e a Consellería de Vivenda e Solo.

Disposición derradeira.- Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación, no Boletín Oficial da Provincia, tras a tramitación regulamentariamente establecida."

ANEXO I**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO SAGRADO CORAZON DE LUGO****DATOS DA/DO SOLICITANTE**

PROMOTOR/A		CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

en representación súa:

APELIDOS	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que, en calidade de _____ do _____
(propietario/a, inquilino/a, etc.) (edificio/vivenda(s))
sito(s) no barrio do Sagrado Corazón de LUGO,
na rúa _____, núm. _____, andar _____,
letra _____
ref. catastral _____, desexa acollerse ós beneficios que abaixo se indican para as actuacións de
rehabilitación que a seguir se citan, ó abeiro do establecido no R.D. 801/2005, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivienda e
no D. 18/2006, do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que
SOLICITA:
Que lle sexa expedida a correspondente cualificación provisional.

ACTUACIÓNS PROTEXIBLES	AXUDA SOLICITADA
<u>Modalidades</u> <input type="radio"/> Actuacións no interior da vivenda (sen baleirado da edificación) <input type="radio"/> Actuacións en elementos comúns e de mellora e conservación de elementos con valor arquitectónico, histórico e ambiental (sen baleirado da edificación)	<input type="radio"/> Subvención a fondo perdido
<input type="radio"/> REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DUNHA SOA VIVENDA <input type="radio"/> REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS	
<input type="radio"/> REHABILITACIÓN DE VIVENDAS	

LEXISLACIÓN APLICABLE: R.D. 801/2005,, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivienda
D. 18/2006, do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia
Bases Reguladoras da Concesión de Subvencións a Particulares, para levar a cabo
actuacións de rehabilitación na área de rehabilitación integral do barrio do Sagrado
Corazón de Lugo

Lugo, _____ de _____ de 200_

Sinatura do/da solicitante

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

(ANEXO I) DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (compulsada e por duplicado)

<input type="checkbox"/> COPIA DO DNI/NIF (SE É O CASO, DE TODOS OS PROPIETARIOS)
<input type="checkbox"/> MEMORIA QUE CONTEÑA CANDO MENOS:
<input type="checkbox"/> A) DESCRICIÓN DO TIPO DE ACTUACIÓN QUE SE VAI LEVAR A CABO
<input type="checkbox"/> B) DOCUMENTO QUE ACREDITE A TITULARIDADE DAS VIVENDAS OU CONTRATO DE ARRENDAMENTO, DE SER O CASO
<input type="checkbox"/> C) SUPERFICIE ÚTIL DA VIVENDA OU INMOBLE
<input type="checkbox"/> D) PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN DETALLADO POR UNIDADES DE OBRA (medición e prezo) ASINADO POLO CONTRATISTA, PROMOTOR E POLO TÉCNICO COMPETENTE, CANDO CORRESPONDA
<input type="checkbox"/> E) SE É O CASO, PROXECTO DE EXECUCIÓN ASINADO POLO TÉCNICO COMPETENTE
<input type="checkbox"/> F) PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS
<input type="checkbox"/> G) FOTOGRAFÍAS EN COLOR DA FACHADA DO EDIFICIO E DAS ZONAS QUE SE VAN REHABILITAR
<input type="checkbox"/> H) NO CASO DE ACTUACIÓNS EN ELEMENTOS COMÚNS DO INMOBLE, CUOTAS DE PARTICIPACIÓN DE CADA UNHA DAS VIVENDAS SOBRE ESTES.
<input type="checkbox"/> I) NO CASO DE EXISTIR MAIS DUN PROPIETARIO, AUTORIZACIÓN DELES A UN DOS PROPIETARIOS PARA A XESTIÓN, TRAMITACIÓN E COBRO DA SUBVENCIÓN.
<input type="checkbox"/> LICENZA MUNICIPAL DAS OBRAS
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE QUE DEDICARÁ A VIVENDA A RESIDENCIA HABITUAL E PERMANENTE, INDICANDO SE SERÁ PARA ALUGAMENTO OU USO PROPIO (ANEXO III)
<input type="checkbox"/> EN CASO DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS, DECLARACIÓN XURADA DE QUE SE VAI DESTINAR A VIVENDA (ANEXO III)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS E RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE (ANEXO II)
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓNS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS SÚAS OBRIGAS FISCAIS, INCLUINDO AS MUNICIPAIS, FRONTE A SEGURIDADE SOCIAL E TRIBUTARIAS.

ANEXO II**MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DO SAGRADO CORAZON DE LUGO****O/A PROPIETARIO/A OU INQUILINO**

D/Dª		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA		NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1- Solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

SI (*)

NON

(*) ata o día de hoxe, solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2 - Estou ó corrente das miñas obrigas fiscais có Excmo. Concello de Lugo.

3- Estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia

4 - Estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias coa Administración Estatal e fronte á Seguridade Social.

4- Non me atopo inhabilitado/a nin estou incurso en ningunha das causas de prohibición indicadas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario da subvención.

Lugo, de de 200_

Asdo.: _____
(DNI, sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**ANEXO III****MODELO DE DECLARACIÓN XURADA (continuación) PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DO SAGRADO CORAZON DE LUGO****O/A PROPIETARIO/A OU INQUILINO**

D/Dª		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

O destino da vivenda arriba indicada para a que se solicitan axudas de rehabilitación será:

π ó alugamento, durante un prazo mínimo de 5 anos desde a finalización das obras.

π ó noso domicilio habitual e permanente, durante un prazo mínimo de 5 anos desde a finalización das obras.

<p>Lugo, de de 200_</p> <p>Asdo.: _____ (DNI, sinatura)</p>

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANEXO IV

**MODELO DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN E COMPROMISO DE EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN
NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DO SAGRADO CORAZON DE LUGO**

O/A PROPIETARIO/A OU INQUILINO

D/Dª		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

Manifesto/manifestamos a aceptación da subvención, por importe de _____ euros, e comprométome/comprometémonos a realizar as obras no prazo establecido, conforme ás unidades de obra que constan no presuposto obxecto da cualificación provisional, así como coa licenza de obra concedida para o edificio arriba indicado.

De acordo co establecido nas bases de concesión de subvencións, comprométome a sufragar e colocar o cartel exterior coa imaxe corporativa do Plan de Vivenda e do Ministerio de Vivienda, da Consellería de Vivenda e Solo e do Concello de Lugo, segundo o modelo establecido, durante a execución das obras.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 27.2.6) da Ordenanza xeral municipal de concesión de subvencións, e antes de proceder á proposta da resolución, achego CERTIFICACIÓNS, conforme me atopo ó corrente do cumprimento das miñas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social, expedidas pola Delegación de Facenda, Delegación de Hacienda, Da Tesourería municipal e da Tesourería Territorial da Seguridade Social

<p>Lugo, de de 200_</p> <p>Asdo.: _____ (DNI, sinatura)</p>

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANEXO V

COMUNICACIÓN DE FINAL DE OBRAS SUBVENCIONADAS EN ACTUACIONES NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO BARRIO DO SAGRADO CORAZON DE LUGO

DATOS DA/DO SOLICITANTE

PROMOTOR/A		CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

en representación súa:

APELIDOS	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que, en calidade de _____ do _____
 (propietario/a, inquilino/a, etc.) (edificio/vivenda(s))

sito(s) no barrio do Sagrado Corazón de LUGO,

na rúa _____, núm. _____, andar _____,
 letra _____, ref. catastral _____, comunico a finalización das obras subvencionadas das actuacións de rehabilitación, ó abeiro do establecido R.D. 801/2005, do 1 de xullo, do Ministerio de Vivienda e no D. 18/2006, do 26 de xaneiro, da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que,

SOLICITA:

Que lle sexa expedida a correspondente cualificación definitiva e o pago da subvención.

Lugo, _____ de _____ de 200_

Sinatura do/a solicitante

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA ANEXO V (En orixinal ou copia compulsada e por duplicado).

- DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE AXUDAS RECIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE. (ANEXO VI)
- DECLARACIÓN DE QUE A REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN OBXECTO DA SUBVENCIÓN SE REALIZOU SEGUNDO A MEMORIA/PROXECTO PRESENTADO. (ANEXO VI).
- CERTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DA CONTA Ó SEU NOME.

- CERTIFICADOS DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS FISCAIS CO CONCELLO DE LUGO, DE NON TER DÉBEDAS COA SEGURIDADE SOCIAL E DE ESTAR Ó CORRENTE NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA E DO ESTADO.
- FOTOGRAFÍA EN COR (POR DUPLICADO) DA FACHADA DO EDIFICIO COA INCLUSIÓN DO CARTEL EXTERIOR COA IMAXE CORPORATIVA DO PLAN DE VIVIENDA E DO MINISTERIO DE VIVIENDA, DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO E DO CONCELLO, SEGUNDO O MODELO ESTABRECIDO E DAS ZONAS QUE SE REHABILITARON.
- FACTURAS POLO IMPORTE DAS OBRAS, QUE DEBERÁN DE COINCIDIR CO DETALLADO POR UNIDADE DE OBRA (CON MEDICIÓN E PREZO) DO ORZAMENTO DO PRESUPOSTO PROTEXIBLE.
- LICENZA DE OBRAS.
- CERTIFICADO FINAL DE OBRA ASINADO POR TÉCNICO COMPETENTE NO CASO DE EXECUCIÓN DE OBRAS MAIORES.
- LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN.

ANEXO VI

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

O/A PROPIETARIO/A OU INQUILINO/A

D/Dª		CIF/DNI
ENDEREZO NOTIFICACIÓN		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS DO INMOBLE SOBRE O QUE SE CONCEDEU SUBVENCIÓN

RÚA	NÚM.	PISO
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1- Recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI (*)
 NON

(*)Ata o día de hoxe , recibín outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2- A realización da actuación obxecto de subvención efectuouse nos termos establecidos na memoria/proxecto presentado.

Lugo, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____
 (DNI, sinatura)

Lugo, 2 de abril de 2008.- A ALCALDESA EN FUNCIONS, María Concepción Burgo López.

R. 01751